

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**  
**INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA – IGAPE**

**RESOLUCIÓN do 21 de xuño de 2024 pola que se nomea a persoal laboral fixo en virtude do proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso-oposición, para o ingreso na categoría de técnico medio de persoal laboral fixo, convocado mediante Resolución do 29 de decembro de 2022 (Anuncio do 20 de decembro de 2022, DOG núm. 248, do 30 de decembro).**

Mediante Anuncio do 20 de decembro de 2022 publicado no DOG núm. 248, do 30 de decembro, anúnciase a convocatoria do proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso-oposición, para o ingreso na categoría de técnico medio do persoal laboral fixo do Igape.

Mediante Resolución do 5 de xuño de 2023 da Dirección Xeral do Igape (DOG núm. 112, do 14 de xuño) se nomea á comisión de selección do referido proceso selectivo.

Por Acordo do 4 de abril de 2024 (DOG núm. 77 do 18 de abril) a comisión de selección publicou a baremación definitiva dos méritos acreditados polas persoas aspirantes que foron admitidas na convocatoria do referido proceso selectivo.

Mediante Acordo do 18 de abril de 2024 (DOG núm. 86, do 2 de maio) a comisión de selección fixo pública a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo e propuxo o nomeamento dos mesmos como persoal laboral fixo.

Polo exposto,

RESOLVO:

1. Aprobar a proposta da comisión de selección e nomear ás persoas que se relacionan no anexo desta resolución persoal laboral fixo do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), tras a superación do proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso-oposición.

2. Notificar ás persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo que deberán formalizar o seu contrato no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia.

3. A adxudicación definitiva das prazas ás persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo efectuarase de acordo coas puntuacións obtidas. A dita adxudicación efectuarase despois de que elixan destino definitivo as persoas que pertencen ao cadro de persoal fixo do Igape que participen nos procedementos de provisión definitiva de postos que convoque o Igape, de acordo coa prelación que se establece na normativa de aplicación.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Con todo, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que a ditou. Neste caso, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo citado en tanto non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao amparo do artigo 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2024  
Covadonga Toca Carús  
Directora xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

INSÍRASE  
A XERENTE DO IGAPE

Patricia Villajos Grande

**ANEXO:**  
**PERSOAS SELECCIONADAS PARA A CONTRATACIÓN COMO PERSOAL LABORAL FIXO**

**CATEGORÍA: TÉCNICO/A MEDIO IGAPE**

<b>Orde</b>	<b>NIF</b>	<b>Apelidos e nome</b>
1	**7858**	Orgeira Naya, José Antonio
2	**3135**	Rodríguez Ormaechea, José Ignacio